

A loita permanente

Marcos Seixo Pastor

A Nosa Terra. 279 páxinas

Xoán Xesús González protagonizou unha activa participación no movemento estudiantil, no agrarismo e no sindicalismo obreiro. A súa insistencia por harmonizar, no plano teórico e organizativo, o pensamento socialista e a práctica nacionalista que sempre considerou complementarias,

marcaría unha vitalidade de combate centrada na liberdade de Galiza e das clases oprimidas. Liderou, na co-

marca de Santiago, a resistencia contra do “movimiento liberador de la patria”, que o Exército español armou na Galiza de 1936, sendo fusilado na plenitude da súa actividade política.

